

## FOTOS DO GAFOS NO CISNE

Arrecendia a viño de pasas a amendoas a castañas pilongas a arenques a sardiñas afumadas a figos paxareiros a nostalxia e poesía, ali no ultramarinos o Cisne de sempre agora renovado pero coa filosofía de sempre cun mostrador para o despacho da mercadoría de comestibles e no interior para bebidas e tertulia , como cando antaño me levaba meu pai cando viñamos de volta polas rua Real coas cesterías que xa xoio queda unha e na Praza do Teucro as velliñas cos mazaricos de vimbios que aínda resisten ,e na tertulia con unhas pasas e froitos secos se arranxaba o xogo do Pontevedra de fútbol ao regreso do vello Pasaron nos tempos do Hay que Roelo.

Ali estabamos na atardecida nun día de inverno como os de antes de choiva e frío un fato de homes e mulleres combocados pola asociación Vaipolorio a un pase con pasas de fotografías antigas do río dos Gafos, e ali nun espazo máxico de supeto parouse o tempo e voltamos como nunha máquina do tempo corenta anos atrás. As fotos son como chaves que abren pequenas furnas e recunchos do fardel da memoria donde temos gardado anacos da nosa historia espazos de xogos rostros e anécdotas da nosa infancia que cando as lembramos fannos coxegas no corazón , sobor de todo aqueles que tibemos a sorte de pasar a nosa vida ou parte da infancia ao carón dun fermosísimo río como era daquela época e como agardamos que volva a ser cando se destape o Gafos. E ali na tertulia da nostalxia dun río na procura dun tempo fuxido de supeto alguen lembrouse dos baños na calor do verán no Menexo e Entre Ríos , un home que traballou nos Talleres Pazo lembrese dun muiño de vento agora que tanto se fala deles pero que sacaba auga , unha señora se lembrava de cómo a súa nai puña as sabanas a secar nos prados de herba cas raiolas do sol nas ourelas do río despois de lavalas con xabron Lagarto no labadoiro de pago do Peilan que supuxo na época unha millora pois era cuberto, un señor que traballou na tintorería que veu de cativo como unha riada levouse a ponte da Tablada tamen alguen se lembrou de cando de rillotes no tempo dos maios se collían flores fiunchos e espadainas e rapiñar nos froitales e hervas polo san Xoán e ponlas de ameneiros e biudeiros para a fogueira e das muiñadas no muiño de Soler que na época eran ateneos de cultura e sabedoría popular ,de escoitar cantar o cuco ca chegada da primavera de atopar os niños dos paxaros , do engadido da capela de san Roque que lembra unha velliña, e aconteceu que nun intre pasaron corenta anos da nosa historia como se fose a metáfora do río que hoxe lembramos que paseniño de vagar coas augas tamen leva historias esperanzas promesas amoriños primeiros e ilusións dun tempo fuxido que non ten volta e soi esta nas fotos e na memoria das persoas que levan o río no corazón.

Antón Roel

